

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MESÍA

Convocatoria para elección de xuíz de paz substituto do municipio de Mesía (A Coruña)

De conformidade co disposto nos artigos 99 e seguintes da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial e no Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, de xuíces de paz, por Decreto desta Alcaldía, de data 17 de xullo de 2020, acordouse iniciar expediente para a elección de xuíz de paz substituto do municipio de Mesía, segundo as bases seguintes:

1.º. Obxecto da convocatoria.

Elección de xuíz de paz substituto deste municipio.

2.º. Lugar e prazo de presentación de solicitudes.

No Rexistro Xeral do Concello, Xanceda, 15685 Mesía, A Coruña, en horario de 8.00 a 15.00 horas, ou de calquera dos xeitos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de 15 días hábiles dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

3.º. Requisitos dos aspirantes.

- a) Ser español.
- b) Ser maior de idade.
- c) Non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade establecidas no artigo 303 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.
- d) Non estar incurso en ningunha das causas de incompatibilidade ou prohibicións reguladas nos artigos 389 a 397 da Lei Orgánica do Poder Xudicial, e de conformidade co prevenido nos artigos 14 e seguintes do Regulamento número 3/1995, do 7 de xuño, dos Xuíces de Paz.

4.º. Documentación a achegar coa solicitude.

- a) Certificado de nacemento ou copia autenticada do Documento Nacional de Identidade.
- b) Certificación de antecedentes penais expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes, e declaración complementaria á que fai referencia a Lei 68/1980, do 1 de decembro, de non estar inculpado ou procesado.
- c) Declaración xurada de reunir os requisitos legais para acceder ao nomeamento e non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade para exercer o cargo.
- d) Xustificación de méritos que alegue o solicitante.

5.º. Elección e nomeamento.

As solicitudes presentadas dentro do prazo establecido someteranse á consideración do Pleno do Concello para a elección da persoa idónea de entre as interesadas co quórum de maioría absoluta dos seus membros.

O candidato elixido polo Concello será proposto á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza para o seu nomeamento como xuíz de paz substituto por un período de catro anos.

Mesía, 17 de xullo de 2020.

O alcalde,

D. Mariano Iglesias Castro